

MESA SECTORIAL DO DÍA 29 DE MARZO DE 2022 (CONTINUACIÓN DA DO DÍA 22)

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: NEGOCIACIÓNS OPE LEI 20/2021.

A Administración presenta ás Organizacións Sindicais da Mesa Sectorial unha carpeta coa documentación (documentación que se presenta como anexo a este informe) onde se recolle o estudo elaborado pola Consellería sobre o número de prazas que se deben ofertar tanto no concurso de méritos como no concurso-oposición transitorio e elaborado seguindo os criterios propostos a semana pasada. Enviarán tamén follas Excell con toda a información xustificativa das táboas de datos presentadas no día de hoxe para a súa comprobación. Dáse agora un prazo de estudo por parte das Organizacións Sindicais de toda a documentación presentada e quedamos emprazados de novo para o xoves 7 de abril.

ANPE Galicia quere facer consideracións sobre a proposta de criterios para a determinación das prazas. No apartado g) do punto 4º só facedes referencia a una sentenza canda hai máis sentenzas que poden afectar. No apartado 10º gustaríanos que a Administración nos aclare se a non obrigatoriedade de participar no concurso-oposición supón unha renuncia tácita a calquera tipo de indemnización. **A Administración resposta que pensa, aínda que non o pode asegurar, que o concurso de méritos non vai supoñer a perda de emprego de ninguén. O que si está claro, xa que así o indica a Lei, que para ter dereito a unha posible indemnización por perda de emprego, é requisito presentarse aos procedementos de consolidación.**

No apartado 16º que fala de data de nomeamento como funcionarios/as de carreira a 01/09/2025 queremos que a Administración nos aclare se vai haber unha segunda oportunidade como a que teñen actualmente os funcionarios en prácticas que non superan, en primeira instancia, a fase de prácticas. **A Administración resposta que a data de nomeamento é orientativa.**

Con respecto ao documento presentado hoxe, e a falta dun estudo máis detallado por parte da nosa organización sindical, discrepamos lixeiramente coas prazas do listado 2. En relación ao listado 4 parécennos tamén poucas prazas as que quedarían para concurso-oposición polo que, posiblemente, habería que estudar incluír, e como facelo, prazas a xornada parcial.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos información sobre as datas de publicación da resolución definitiva do Concurso Xeral de Traslados. **A Administración resposta que non ten data prevista. Vaise publicar primeiro a resolución do Concurso de Orientación e as resultas cubríranse no Concurso Xeral.**
- Preguntamos se este ano se van convocar prazas de atención preferente. **A Administración resposta afirmativamente.**
- Demandamos coñecer se vai haber instrucións específicas sobre a LOMLOE de cara ás oposicións. **A Administración considera que non é necesario.**
- Demandamos a cobertura de todas as prazas de substitución e a non retirada de ningunha vacante como está a sucedendo actualmente. **A Administración resposta que durante a situación excepcional pandémica cubríronse vacantes todos os días e independentemente da súa duración. Agora a Consellería volta á situación anterior onde xa non cubre todas as vacantes**

(soamente aquelas de duración determinada e non chama todos os días). Se hai algún centro cunha situación específica determinada poderá comunicalo que será atendida.

- Demandamos a actualización da importe da contía por desprazamentos por razóns de servizo.
- Demandamos a restitución do horario lectivo do profesorado a 21 horas en primaria e 18 nos restantes corpos.
- Demandamos reunión da Comisión de seguimento do Acordo de Interinos para estudar a situación das persoas que se presentaron a apertura de listas de substitucións sen o requisito do mestrado e que o obtiveron posteriormente. **A Administración resposta que os que accederon sen mestrado a unha listaxe decaerán dos seus dereitos cando se declare oficialmente o fin da pandemia. O feito de obter o mestrado posteriormente non xerá ningún dereito. Outra cousa diferente e que accedesen posteriormente ao obter o mestrado a outra lista ou por presentarse ao concurso-oposición. Nese caso manterán os dereitos na lista que corresponda.**
- Demandamos a recuperación das axudas por asistencia a actividades de formación.
- Demandamos aclaracións sobre a situación dos centros educativos de Chantada pola transformación dun deles en Centro Integrado de Formación Profesional e a situación das prazas que se retiraron do Concurso de Traslados. Entendemos que, algunha delas, debería manterse no Concurso. **A Administración resposta que nos poderá dar unha resposta sobre a situación nas vindeiras semanas.**
- **Demandamos instrucións CLARAS E COMÚNS para todos os centros educativos sobre como levar a cabo a promoción e a titulación na Primaria, ESO e Bacharelato para evitar a sobrecarga de burocracia.**
- Demandamos previsión da afectación, cara o curso que vén, das posibles sentenzas do tema de cátedras de Música.